

CAPÍTULO 1



SON O POETA *que cruzou o* OCÉANO

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

TEXTO DE LECICIA COSTAS

ILUSTRACIONES DE BLANCA MILLÁN



PRIMAVERA DAS LETRAS




REAL ACADEMIA GALEGA

<https://doi.org/10.32766/rag.426>


PROBANDO, PROBANDO...

Ola, estou aquí! Recíbesme? Parece que si! Antes de nada tes que saber algo importante: estou un pouco nervioso. Contratáronme para contarche a historia da miña vida. Ou máis ben, debería dicir que me invocaron, que é o que se fai coas persoas que están no outro lado, coma min. Ai, só de pensalo pónseme unha cousa na barriga e empezan a trememe as pernas. «Boh, que parvada, non será a cousa para tanto», pensarás ti. Permíteme que che leve a contraria: si que o é. Résúltame dificilísimo. Coma montar nunha atracción na festa e non berrar cando empezas a descender a toda velocidade, cos pelos revoltos e os músculos da cara movéndose coma xelatina. Porque falar dunha vida supón lembrar cousas tristes. Tamén momentos moi felices e traer ao teu pensamento persoas ás que quixeches de verdade.

Por iso estou así, coma un flan. Agardo que me collas forte da man para emprender esta viaxe. Necesítote. Estas cousas lévanse moito mellor cando tes alguén ao teu carón, apoiándote. Vou coller aire un momento. Uf, creo que xa estou preparado. Alá vou!



Chámome Florencio Delgado Gurriarán. Puxéronse en contacto comigo para falarche da miña vida porque este ano son o autor escollido para celebrar o Día das Letras Galegas. É o 17 de maio, aínda que estou seguro de que iso xa o sabes. Tamén saberás que é un día moi importante en Galicia e que se organizan moitísimos actos arredor da figura escollida. É dicir: arredor de min. Este ano vou estar en canto sitio hai! Alégrame inmensamente, porque pasei a maior parte da miña vida fóra de Galicia e para min é emocionante que me lembren nunha terra tan querida. Pero xa falaremos diso máis adiante.



Agora vou empezar polo princiiiipio de todo. Para iso teño aquí uns prismáticos que funcionan de marabilla e dos que xamais me separo. Só teño que regulalos e lévanme alá onde eu quero. Veña, voulle dar á roda. Voemos ata o ano en que nacín: o 1903.



Vin a luz nunha aldea cun nome chulísimo: Córdomo. Pertence a Valdeorras, que é unha comarca de Ourense moi famosa polos seus viños. De feito, o viño e a natureza están moi presentes en toda a miña obra. Nese lugar hai un río precioso chamado Sil e unhas vides baixo as que fun moi feliz. A miña nai chamábase Consuelo e o meu pai, coma min: Florencio.

Agora que o penso, teño un dato que te vai deixar coa boca aberta. Consideras que é un exceso que haxa dous Florencios nunha mesma familia? Pois na miña houbo tres! Tiven outro irmán chamado Florencio que morreu de alí a pouco de nacer. Era un nome tan bonito que, cando cheguei eu, decidiron poñerme tamén a min. Agora isto soa un pouco raro, pero daquela era bastante común.






Crieime nunha familia onde sempre se falaba galego e que me deu unha boa formación académica. Naquel tempo iso non era nada habitual. En Valdeorras case toda a poboación dedicábase a traballar a terra, mais os meus pais pertencían a familias dunha boa posición: de comerciantes, do mundo da banca, propietarios de terras... Iso fíxonos a vida moito máis doada. Tiven profesores particulares que viñan á miña casa. E unha biblioteca enorme! Outras nenas e nenos de Córcomo non gozaron desa oportunidade. Así foron os meus primeiros seis anos. A partir de entón, a miña vida consistiu en viaxar, viaxar e viaxar.



DE ACÁ PARA ALÁ

Imaxina que os teus pais te informan de que tes que deixar o lugar onde vives porque vos mudades. Vaia impresión, eh? Pois iso foi o que me pasou con só seis anos. Despedinme de Córghomo porque marchamos vivir a Ourense. Alí estivemos ata que fixen os dez. Para que non perdas a conta, lémbroche que estamos no ano 1913.



Nese momento trasladaron o meu pai a Palencia por motivos laborais, e máis adiante a Valladolid. Iso doeume un chisco. Pénsao, é difícil deixar atrás os lugares e as persoas que queres. Mais hai unha parte boa, e é que todos os veráns volviamos a Córghomo. O verán é unha época moi especial. De seguro que tamén para ti. Eu soñaba durante todo o ano con ese momento. Morría por bañarme no río Sil e pasar esas semanas correndo polos carreiros da miña aldea cos meus amigos da infancia.






Outra cousa que me encantaba facer era ler. Toleaba, sobre todo, pola poesía. Neses veráns onde retornaba a Córrego descubrín poetas que, malia que son de hai moito tempo, seguro que che soan. Coma Rosalía de Castro, Curros Enríquez ou Eduardo Pondal. Eu mesmo empecei a escribir os meus primeiros poemas e a facer graffiti. Vale, igual dita así, a palabra «graffiti» lévate a unha idea equivocada. Non eran graffiti coma eses que se fan agora nos muros e nas paredes. Eu facíaos nos libros e nos cadernos e tiñan espírito galeguista. Lembro pintar de cores frases coma «Galego Sempre» ou «Terra a nosa!» É que botaba tanto de menos Valdeorras que logo ese sentimento saíame así, en forma de graffiti. E de poemas, claro!

Escribín moitos poemas sobre a natureza desde que era un rapaz. Que época tan bonita a dos veráns na miña aldea e canto a estrañei cando estaba fóra.

Agarda, que lle vou dar outra vez á roda dos prismáticos para voar ata 1920. Volvo agora mesmo.



Xa estou! Nesa época tiña dezasete anos e estaba a piques de empezar a carreira de Dereito na Universidade de Valladolid. Para que vexas o importante que era para min o galego, vou poñer aquí unha frase que deixei escrita naquel momento:

«quizais como reacción do medio en que pasei a mellor parte da miña vida, nenez e primeira mocidade, sentíame diferente, distinto das boas xentes da vella Castela. Era algo así coma un Robinsón do galeguismo».

ACTIVIDADE

UI, AGORA QUE O PENSO... SABES O QUE SIGNIFICA SER UN ROBINSÓN? POIS VEÑA, SE NON O SABES, PREGÚNTALLE A UNHA PERSOA ADULTA E CON CARA DE LISTA QUE TEÑAS PRETO. NON CHO VOU DAR EU TODO FEITO!



Con 21 anos sufrín un golpe moi duro porque morreu mamá. Esa perda foi para min verdadeiramente dolorosa. De feito, acabo de poñerme triste neste preciso momento, lembrándoo. Non me gusta sentirme así. Vou falar doutra cousa para distraer a tristura, a ver se así consigo que marche.

Quero rematar de falar desta época con algo que creo que debes saber: se eu empecei a escribir en galego foi, en gran medida, grazas á poesía de Rosalía de Castro. Os meus primeiros poemas escribinos nun caderno que titulei «Parvadas de cando era cativo», e había textos coma este:



"Rigueiro da miña aldea
serpe de prata e cristal
que das vida c'as tuas augas
os prados e castañares."

ACTIVIDADE

EI, TI COÑECES ALGÚN POEMA DE ROSALÍA? SE FAS UNHA PROCURA, SEGURO QUE ATOPAS SEMELLANZAS ENTRE ESTES VERSOS E ALGÚN DOS QUE ELA ESCRIBIU. PARA QUE VEXAS QUE NON ESAXERO CANDO CHE DIGO QUE FOI UNHA GRANDE INFLUENCIA PARA MIN.



Ao longo daqueles anos cheguei a pensar que non había no mundo máis galeguistas, que eu era o único. Iso fíxome sentir un pouco só. Ata que descubrín que estaba trabucado e que si había outras persoas coma min e tamén revistas, coma unha chamada A Nosa Terra, onde trataban eses temas que tanto me interesaban.



Pasar lonxe de Córghomo toda a miña mocidade foi difícil, mais tamén tivo cousas boas. Coñecín persoas e realidades diferentes á miña, fíxenme afeccionado ao cine e ao teatro... Ah! E deportista! Encantábame xogar ao fútbol, que con tanto falar de poesía case me esquezo diso. Bin, ban, bun! Canto me gustaba xutar o balón. E aquí remata a miña vida lonxe de Valdeorras porque no ano 1928, regresei. Xa intúes o que vou facer agora, verdade? Darlle á roda dos prismáticos para voar ata ese momento exacto. Vamos!





Un proxecto da



REAL
ACADEMIA
GALEGA

Co apoio da



Deputación
DA CORUÑA

CAPÍTULO 2



SON O POETA que cruzou o OCÉANO

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

TEXTO DE LECICIA COSTAS

ILUSTRACIONES DE BLANCA MILLÁN



PRIMAVERA DAS LETRAS



REAL ACADEMIA GALEGA

OLA, GALICIA!

Teño os prismáticos no ano 1928. Estou vendo a través deles cousas que provocan que o meu corazón bata coa forza dun tambor. Que digo dun tambor? Dun gong! Mira, mira! Aí estou eu de volta en Córghomo, cantando nunha festa. Hai moita xente rodeándome e batendo palmas. Cantaba de marabilla, ben puiden montar un grupo. E alí estou bailando cunha moza nunha verbena.






Agora véxome tomando o sol á beira do río, cun libro entre as mans. Ai, que anos tan bonitos! Regresar á miña aldea foi coma montar nun foguete que me transportou ata o lugar onde se fabrica a felicidade. Tanto me inspiraba Cörgomo que mesmo lle dediquei un poema a un castiñeiro. Ese texto acabou sendo publicado nun xornal de Ourense. Empezaba así:

"Retorto castiñeiro, outrora san e forte,
atópaste ferido do machado da morte;
as túas folliñas, murchas, van caendo no chan,
iou, tristura dunha árbore espíndose no vran!"

ACTIVIDADE


PERO SABES QUE? NON ASINEI ESE POEMA CO MEU NOME. ASINEINO CUN NOME QUE INVENTEI E QUE USEI MOITAS VECES EN LUGAR DE FLORENCIO. SOSPEITO QUE CHE VAI ENCANTAR: KORGOMÓFILO. A QUE É CHULO? TI SEMPRE USAS O TEU NOME OU TES UN ALCUME?





Ademais de cantar, organizar festas e traballar nun despacho de avogados (cousa que, por certo, non me facía moita graza) neses anos escribín moitos poemas. Case todos eran sobre a natureza. Encantábame falar das árbores da miña aldea, dos carreiros, dos ríos e das vides, coma se fosen seres humanos. E tamén do viño! Escribín bastantes textos sobre o viño e sobre a vendima.

Tamén escribín poemas onde falaba das vodas, dos enterros, das tabernas, dos nomes dalgúns lugares especiais para min... Agora que o penso, escribín sobre unha chea de cousas! Poemas onde falo sobre as inxustizas sociais, poemas reivindicativos sobre Galicia e mesmo poemas onde critico o castrapo. Si, liches ben. Dixen «cas-tra-po».



"A Galiza «acastrapada» é coma un cadro do «Bosco» cheo de monstros e trasnos, ou como casa de tolos..."



Isto seguino facendo mesmo cando vivía en México. Ai, perdón! Que acabo de facer espóiler. Pero quero que saibas o importante que era para min que se falase en galego. Os poemas escritos neses anos asinábaos con distintos nomes coma Nabet, Porto do Río, Xan do Sil, R. Miño, Gurri... Era moi fan dos pseudónimos.

R. MIÑO Nabet
Gurri PORTO DO RÍO

No ano 1934 decidín xuntar todos eses textos e publicar o meu primeiro libro. Tituleino *Bebedeira* e saíu nunha editorial fundamental na historia de Galicia chamada Nós. Imaxina o entusiasmo de publicar a miña primeira obra nunha editorial coma esta! Fundouna Ánxel Casal, un galeguista que me emociona mencionar. El centrou a actividade da súa empresa en libros sobre a cultura e sobre os problemas de Galicia. Era tamén imprenta, das súas máquinas saíron textos valiosísimos con deseños fabulosos. Ánxel Casal fixo un labor inmenso, mais dóeme acordarme del. Teño que coller unha miga de aire para falarche disto, talvez un chisco máis adiante.



As miñas ideas eran moi diferentes das ideas da miña familia. Para que me entendas: eles tiñan ideas conservadoras e eu ideas máis progresistas. Defendía que Galicia merecía ter un maior poder de decisión e empecei a participar activamente na política. Afilieime ao Partido Galeguista e coñecín intelectuais moi importantes da época, coma Castelao ou Alexandre Bóveda. Moitos poemas meus tiñan un contido que se consideraba revolucionario porque convidaba a xente a mobilizarse pola liberdade de Galicia. E, a partir de entón, pasoume de todo. Non, agarda, que necesito poñer maior forza nisto que acabo de dicir. Vouno repetir: a partir de entón, pasoume DE TODO.





Un proxecto da



REAL
ACADEMIA
GALEGA

Co apoio da



Deputación
DA CORUÑA

CAPÍTULO 3



SON O POETA que cruzou o OCÉANO

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

TEXTO DE LECICIA COSTAS

ILUSTRACIONES DE BLANCA MILLÁN



PRIMAVERA DAS LETRAS



REAL ACADEMIA GALEGA

A GUERRA PONME TRISTE

En xullo de 1936 sucederon cousas terribles que aínda a día de hoxe me provocan arreguizos. Supoño que lles escoitarías falar disto aos maiores nalgunha ocasión. Houbo un golpe de Estado, unha guerra civil e logo unha ditadura que durou case corenta anos. Que significou isto? Pois que triunfaron os do bando dos falanxistas e cometeron asasinatos. Sabes a quen mataron? Creo que debo contarcho, non ten sentido seguir con isto dentro: A Ánxel Casal, o fundador da editorial Nós.

Moitos veciños agocháronse no monte para salvar as súas vidas. Os falanxistas rexistraban as casas da xente, buscando probas para inculpalos. Se pensabas diferente ca os do bando vencedor, estabas perdido. E eu pensaba distinto. A miña biblioteca estaba chea de libros e revistas que defendían ideas que naquel tempo estaban prohibidas. Iso supuxo que tiven que fuxir de novo de Córghomo. Aquí empezou o meu camiño cara ao exilio.



É doloroso ter que marchar do teu fogar por motivos políticos. A min non me quedou outro remedio. Véñenme bágoas aos ollos lembrando todo isto. Non me gusta chorar, oxalá tivese un botón de bloquear lágrimas. Alguén debería inventalo.

Pasei un tempo en Castela e logo decidín cruzar a fronteira para chegar a Portugal. Igual non che parece cousa doutro mundo, mais era realmente perigoso porque aquel tramo estaba moi vixiado e podían determe. Non imaxinas que falcatuada se me ocorreu para pasar ao outro lado: disfraceime! Coma cando é Entroido e te vistes de superheroína ou de pantasma, pois igualiño. Eu vestinme de topógrafo, coma se estivese traballando nunha obra. Reunín unha chea de trebellos e ferramentas e así, todo equipado, crucei a fronteira en pleno día, finxindo ir camiño ao meu posto de traballo. E funcionou!





Non pasei demasiado tempo no país veciño. Alí puxéronme en contacto coa tripulación dun barco que ía partir rumbo a Bordeos. Negociéi o prezo da miña pasaxe e emprendín unha nova aventura.

Talvez estás pensando que viaxei coma un marqués a bordo desa embarcación, tomando o sol na cuberta e lendo libros de poemas no meu camarote. Diso nada! Tiven que agocharme debaixo dunha cama. Desatouse un temporal fortísimo e o barco tardou tres días en partir. Durante todo ese tempo permanecín alí metidiño debaixo daquela cama, sen facer ruído. Tiña medo de que me descubrisen e me mandasen de volta para Galicia.



Ponte no meu lugar, imaxina que tes que pasar tantos días debaixo da túa cama, sen máis compañía ca a dese pobre calcetín que está aí abandonado desde hai días, ou dese boneco que non dás atopado, ou mesmo desa monda de plátano que tes aí, gardada coma un tesouro. Mais aquí non había bonecos, nin calcetíns, nin tampouco mondas de plátano. Algunha cascuda, un pouco de po e moita tristura.

A tripulación portouse moi ben comigo. Grazas a eles, conseguín chegar a Francia. Seguía escribindo poesía, nesta época case todas eran de denuncia e moitas delas, satíricas. Para que me entendas, nos meus poemas ridiculizaba as ideas e os personaxes do franquismo e mesmo ao propio Franco. Sabes de quen falo, non? Do ditador. Uf, se me chegan a coller...





Agora mesmo, a roda dos meus prismáticos está no ano 1939. Lembra que nacín no 1903. A conta é sinxela: tiña 36 anos. Con esa idade tomei unha decisión que condicionou o resto da miña vida: uns meses despois do remate da guerra civil, collín outro barco en Bordeos que me levaría ata México.





Un proxecto da



REAL
ACADEMIA
GALEGA

Co apoio da



Deputación
DA CORUÑA

CAPÍTULO 2



SON O POETA que cruzou o OCÉANO

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

TEXTO DE LECICIA COSTAS

ILUSTRACIONES DE BLANCA MILLÁN



PRIMAVERA DAS LETRAS



REAL ACADEMIA GALEGA

OLA, GALICIA!

Teño os prismáticos no ano 1928. Estou vendo a través deles cousas que provocan que o meu corazón bata coa forza dun tambor. Que digo dun tambor? Dun gong! Mira, mira! Aí estou eu de volta en Córghomo, cantando nunha festa. Hai moita xente rodeándome e batendo palmas. Cantaba de marabilla, ben puiden montar un grupo. E alí estou bailando cunha moza nunha verbena.





Agora véxome tomando o sol á beira do río, cun libro entre as mans. Ai, que anos tan bonitos! Regresar á miña aldea foi coma montar nun foguete que me transportou ata o lugar onde se fabrica a felicidade. Tanto me inspiraba Córgomo que mesmo lle dediquei un poema a un castiñeiro. Ese texto acabou sendo publicado nun xornal de Ourense. Empezaba así:


"Retorto castiñeiro, outrora san e forte,
atópaste ferido do machado da morte;
as túas folliñas, murchas, van caendo no chan,
iou, tristura dunha árbore espíndose no vran!"

ACTIVIDADE

PERO SABES QUE? NON ASINEI ESE POEMA CO MEU NOME. ASINEINO CUN NOME QUE INVENTEI E QUE USEI MOITAS VECES EN LUGAR DE FLORENCIO. SOSPEITO QUE CHE VAI ENCANTAR: KORGOMÓFILO. A QUE É CHULO? TI SEMPRE USAS O TEU NOME OU TES UN ALCUME?



Ademais de cantar, organizar festas e traballar nun despacho de avogados (cousa que, por certo, non me facía moita graza) neses anos escribín moitos poemas. Case todos eran sobre a natureza. Encantábame falar das árbores da miña aldea, dos carreiros, dos ríos e das vides, coma se fosen seres humanos. E tamén do viño! Escribín bastantes textos sobre o viño e sobre a vendima.



Tamén escribín poemas onde falaba das vodas, dos enterros, das tabernas, dos nomes dalgúns lugares especiais para min... Agora que o penso, escribín sobre unha chea de cousas! Poemas onde falo sobre as inxustizas sociais, poemas reivindicativos sobre Galicia e mesmo poemas onde critico o castrapo. Si, liches ben. Dixen «cas-tra-po».

"A Galiza «acastrapada»
é coma un cadro do «Bosco»
cheo de monstros e trasnos,
ou como casa de tolos..."



Isto seguino facendo mesmo cando vivía en México. Ai, perdón! Que acabo de facer espóiler. Pero quero que saibas o importante que era para min que se falase en galego. Os poemas escritos neses anos asinábaos con distintos nomes coma Nabet, Porto do Río, Xan do Sil, R. Miño, Gurri... Era moi fan dos pseudónimos.

R. MIÑO Nabet
Gurri PORTO DO RÍO

No ano 1934 decidín xuntar todos eses textos e publicar o meu primeiro libro. Tituleino *Bebedeira* e saíu nunha editorial fundamental na historia de Galicia chamada Nós. Imaxina o entusiasmo de publicar a miña primeira obra nunha editorial coma esta! Fundouna Ánxel Casal, un galeguista que me emociona mencionar. El centrou a actividade da súa empresa en libros sobre a cultura e sobre os problemas de Galicia. Era tamén imprenta, das súas máquinas saíron textos valiosísimos con deseños fabulosos. Ánxel Casal fixo un labor inmenso, mais dóeme acordarme del. Teño que coller unha miga de aire para falarche disto, talvez un chisco máis adiante.



As miñas ideas eran moi diferentes das ideas da miña familia. Para que me entendas: eles tiñan ideas conservadoras e eu ideas máis progresistas. Defendía que Galicia merecía ter un maior poder de decisión e empecei a participar activamente na política. Afilieime ao Partido Galeguista e coñecín intelectuais moi importantes da época, coma Castelao ou Alexandre Bóveda. Moitos poemas meus tiñan un contido que se consideraba revolucionario porque convidaba a xente a mobilizarse pola liberdade de Galicia. E, a partir de entón, pasoume de todo. Non, agarda, que necesito poñer maior forza nisto que acabo de dicir. Vouno repetir: a partir de entón, pasoume DE TODO.





Un proxecto da



REAL
ACADEMIA
GALEGA

Co apoio da



Deputación
DA CORUÑA

CAPÍTULO 3



SON O POETA que cruzou o OCÉANO

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

TEXTO DE LECICIA COSTAS

ILUSTRACIONES DE BLANCA MILLÁN



PRIMAVERA DAS LETRAS



REAL ACADEMIA GALEGA

A GUERRA PONME TRISTE

En xullo de 1936 sucederon cousas terribles que aínda a día de hoxe me provocan arreguizos. Supoño que lles escoitarías falar disto aos maiores nalgunha ocasión. Houbo un golpe de Estado, unha guerra civil e logo unha ditadura que durou case corenta anos. Que significou isto? Pois que triunfaron os do bando dos falanxistas e cometeron asasinatos. Sabes a quen mataron? Creo que debo contarcho, non ten sentido seguir con isto dentro: A Ánxel Casal, o fundador da editorial Nós.

Moitos veciños agocháronse no monte para salvar as súas vidas. Os falanxistas rexistraban as casas da xente, buscando probas para inculpalos. Se pensabas diferente ca os do bando vencedor, estabas perdido. E eu pensaba distinto. A miña biblioteca estaba chea de libros e revistas que defendían ideas que naquel tempo estaban prohibidas. Iso supuxo que tiven que fuxir de novo de Córrego. Aquí empezou o meu camiño cara ao exilio.



É doloroso ter que marchar do teu fogar por motivos políticos. A min non me quedou outro remedio. Véñenme bágoas aos ollos lembrando todo isto. Non me gusta chorar, oxalá tivese un botón de bloquear lágrimas. Alguén debería inventalo.

Pasei un tempo en Castela e logo decidín cruzar a fronteira para chegar a Portugal. Igual non che parece cousa doutro mundo, mais era realmente perigoso porque aquel tramo estaba moi vixiado e podían determe. Non imaxinas que falcatuada se me ocorreu para pasar ao outro lado: disfraceime! Coma cando é Entroido e te vistes de superheroína ou de pantasma, pois igualiño. Eu vestinme de topógrafo, coma se estivese traballando nunha obra. Reunín unha chea de trebellos e ferramentas e así, todo equipado, crucei a fronteira en pleno día, finxindo ir camiño ao meu posto de traballo. E funcionou!





Non pasei demasiado tempo no país veciño. Alí puxéronme en contacto coa tripulación dun barco que ía partir rumbo a Bordeos. Negociéi o prezo da miña pasaxe e emprendín unha nova aventura.

Talvez estás pensando que viaxei coma un marqués a bordo desa embarcación, tomando o sol na cuberta e lendo libros de poemas no meu camarote. Diso nada! Tiven que agocharme debaixo dunha cama. Desatouse un temporal fortísimo e o barco tardou tres días en partir. Durante todo ese tempo permanecín alí metidiño debaixo daquela cama, sen facer ruído. Tiña medo de que me descubrisen e me mandasen de volta para Galicia.



Ponte no meu lugar, imaxina que tes que pasar tantos días debaixo da túa cama, sen máis compañía ca a dese pobre calcetín que está aí abandonado desde hai días, ou dese boneco que non dás atopado, ou mesmo desa monda de plátano que tes aí, gardada coma un tesouro. Mais aquí non había bonecos, nin calcetíns, nin tampouco mondas de plátano. Algunha cascuda, un pouco de po e moita tristura.

A tripulación portouse moi ben comigo. Grazas a eles, conseguín chegar a Francia. Seguía escribindo poesía, nesta época case todas eran de denuncia e moitas delas, satíricas. Para que me entendas, nos meus poemas ridiculizaba as ideas e os personaxes do franquismo e mesmo ao propio Franco. Sabes de quen falo, non? Do ditador. Uf, se me chegan a coller...





Agora mesmo, a roda dos meus prismáticos está no ano 1939. Lembra que nacín no 1903. A conta é sinxela: tiña 36 anos. Con esa idade tomei unha decisión que condicionou o resto da miña vida: uns meses despois do remate da guerra civil, collín outro barco en Bordeos que me levaría ata México.





Un proxecto da



REAL
ACADEMIA
GALEGA

Co apoio da



Deputación
DA CORUÑA